



BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DURANTE O CURSO ESCOLAR 2022/2023 CEIP OZA DOS RÍOS

1) OBXECTO

O obxecto destas bases é organizar o desenvolvemento das actividades extraescolares propostas polo CEIP Oza dos Ríos, oída a ANPA dese centro escolar, que contribuirán a unha mellora da calidade educativa prestada ao alumnado que fomenten a integración social, a superación por parte dos alumnos dos retos que a formación supoñen, que promocionen a cultura e o deporte ao tempo que facilitan a conciliación das familias e permitan un desenvolvemento máis sinxelo e eficiente de todos os plans de estudio

2) DESTINATARIOS E CIRCUNSTANCIAS DE SAÚDE

2.1. Terán acceso ao programa de “Actividades extraescolares durante o curso escolar 2022/2023” todo o alumnado que o solicite, que estean escolarizados no CEIP Oza dos Ríos sempre que se axusten aos números mínimos e máximos de viabilidade e á orde de prioridade que se establezan nas presentes bases.

2.2. Calquera circunstancia de saúde que lle poida afectar ao/a menor (alergias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase facer constar expresamente na solicitude, debéndose achegar coa mesma, en sobre pechado, un informe médico sobre a diagnose e contendo, no seu caso, instrucións e actuacións que deberá ter en conta o monitorado. No suposto de que na solicitude se indique a existencia de ditas circunstancias e non acheguen informe médico xunto coa instancia desestimárase a solicitude de participación do/a menor correspondente. O concello de Oza-Cesuras comprométese ao tratamento axeitados destes datos confidenciais, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos.

3) ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS: DÍAS, HORARIOS, DURACIÓN, PRAZAS MÍNIMAS E MÁXIMAS, LUGARES DE REALIZACIÓN, EMPRESAS ENCARGADAS DA SÚA IMPARTICIÓN E COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN.

3.1.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS

	DÍA SEMANA	HORARIO	N.º MÍNIMO DE PRAZAS	N.º MÁXIMO DE PRAZAS	LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN
PATINAXE	Luns	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois	8€/mes
INFORMÁTICA	Martes	15:30 h a 16:30 h	10	15	CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
URBAN DANCE	Xoves ou Venres	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois	8€/mes
XIMNASIA RÍTMICA	Martes ou Xoves	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
TAEKWONDO	Luns ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	9€/mes

* Naquelas actividades en que os lugares de desenvolvemento das actividades non se encontren dentro do recinto escolar os pais ou tutores encargados das nenas e nenos participantes ou persoa autorizada deberán encargarse do seu desprazamento.

- As actividades extraescolares rematarán o 31 de maio de 2023.



3.2. PRAZAS:

- Se non se acada o número mínimo de participantes indicado para cada unha das actividades extraescolares non se poderán levar a cabo.

Non obstante, o concello se o estimase conveniente poderá establecer un procedemento sumario e urxente para admitir novas solicitudes ata que, alomenos, se cubra o total de prazas mínimas previstas.

- O número máximo de participantes será o indicado para cada unha das distintas actividades extraescolares.

3.3 COTA DE PARTICIPACIÓN

3.3.a. A cota de participación será de devengo trimestral e o seu importe será o que corresponda ao citado periodo segundo os prezos indicados na base 3.1 das presentes bases.

3.3.b. Cada unha das citadas actividades extraescolares poderá ser bonificada nun importe máximo de 3€/mes por causas sociais, culturais, educativas ou similares. Para este efecto, o CEIP dirixirá comunicación ao concello na que se conteña a listaxe dos/as menores a bonificar.

3.4.c. O concello de Oza-Cesuras, previa proposta favorable dos servizos sociais municipais e posterior acordo de aprobación polo órgano competente, bonificará íntegramente a cota de participación dun máximo de **dúas** actividades para cada un dos nenos e nenas empadroados en Oza-Cesuras en función dos ingresos económicos da unidade familiar.

Segundo esto, estableceuse o seguinte baremo:

- Bonificación 2 actividade:** O límite estaría nunha renda familiar de 10.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a.
- Bonificación 1 actividade:** O límite estaría nunha renda familiar de 18.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a.

Para estes efectos enténdese por:

a) UNIDADE FAMILIAR: Considérase familia para calcular o baremo de recursos, o matrimonio ou parella, os/as pais/nais ou titores legais e os/as fillos/as menores que dependan economicamente destes. No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co/a solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co/a solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

b) RENDA FAMILIAR: O total ingresos obtidos por todos os membros computables da unidade familiar, sexa cal sexa a súa procedencia (rendementos do traballo por conta propia ou allea, pensións, prestacións e subsidios, rendas de capital,...) resultante da suma das casiñas 435(Base imponible xeral) + 460(Base imponible do aforro) do IRPF 2021.



Para a aplicación da bonificación anteriormente indicada deberá presentarse polos pais/nais ou tutores dos nenos e nenas participantes nas citadas actividades extraescolares, antes do vindeiro 15 de outubro de 2022, solicitudes no modelo oficial que figura como Anexo II no Rexistro Xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, telemáticamente na sede electrónica do Concello de Oza-Cesuras, con certificado dixital, ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Tamén se poderá obter o modelo de solicitude a través da páxina web www.concellodeozacesuras.es.

Xunto coa solicitude asinada polo/a solicitante (pai/nai ou titor/a), deberase presentar a seguinte documentación:

- 1.- D.N.I. do/a solicitante (Pai/nai ou titor/a).
- 2.- Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).
- 3.- A capacidade económica da unidade familiar calcularáse en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2021); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e pérdidas patrimoniais.

Ante calquera dúbida a comisión calificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

- No caso de non autorizar a súa consulta (Anexo III), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercizo (ano 2021) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria.
- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do excónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán valoradas polos Servizos Sociais a totalidade das solicitudes presentadas, que emitirán un informe proposta de concesión/denegación e logo procederase a súa aprobación polo órgano competente.

4. LUGAR E PRAZO DE INSCRICIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O prazo de inscrición, que se anunciará na web do concello, comezará o día 23 de setembro de 2022 e rematará ás 23:59 h do 28 de setembro de 2022 (ambos incluídos).

A solicitude para poder participar nas actividades extraescolares, axustada ao modelo que figura nas presentes bases, poderá presentarse presencialmente no rexistro administrativo municipal, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, cubrindo o formulario dispoñible na páxina web do concello ou ben de xeito telemático mediante o modelo de solicitude xeral dos procedementos



normais da sede electrónica do concello (<https://ozadosrios.sedelectronica.es>) achegando á mesma o formulario de solicitude e anexos dispoñible na web do concello para a realización deste trámite. A admisión para cada unha das actividades será por rigorosa orde de inscrición en calquera dos rexistros municipais indicados no párrafo anterior, e atendendo á orde de preferencia indicada polos solicitantes para cada unha das actividades, sempre e cando non se supere o número máximo de participantes.

No suposto de presentarse máis solicitudes que prazas, coas nenas e nenos que non foran admitidos nas actividades crearase unha lista de reserva e ofertaráselles a actividade no momento en que haxa unha praza vacante.

5. FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento das cotas de participación farase autorizando ao Concello de Oza-Cesuras para o seu cobro mediante domiciliación bancaria que se levará a cabo de xeito trimestral nas seguintes datas aproximadas:

- Entre os días 1 e 10 de xaneiro de 2023 as mensualidades das que se presten actividades no 4º trimestre de 2022.
- Entre os días 1 e 10 de abril de 2023 a correspondente ao 1º trimestre de 2023.
- Entre os días 1 e 10 de xullo de 2023 a correspondente ao 2º trimestre de 2023.

6. BAIXAS NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As solicitudes de baixa nas actividades deberán ser formuladas por escrito e presentadas no rexistro xeral do Concello ou mediante correo electrónico dirixido a cultura.deportes@concellodeozacesuras.es. A estimación da citada baixa conlevará o dereito ao non pagamento das cotas de participación a partires da data na que se fai efectiva a baixa e suporá que a dita praza quede vacante e poderá ser cuberta con nenas e nenos da lista de agarda.

9) DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR:

- **En todos os casos:**
 - 1.- Anexo I (SOLICITUDE ACTIVIDADES)
 - 2.- D.N.I. do/a solicitante (Pai/nai ou titor/a).
 - 3.- Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).
 - 4.- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do excónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.
- **No caso de solicitar a bonificación da cota de participación en función da unidade familiar:**





1.- **ANEXO II** – SOLICITUDE BONIFICACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
CURSO 2022/2023

2.- **ANEXO III** – AUTORIZACIÓN PARA OBTENER DATOS DA AXENCIA ESTATAL
DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA. No caso de non autorizar a consulta da renda da
unidade familiar por medio do citado Anexo, achegará a declaración da renda correspondente
ao último exercizo (ano 2021) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de
renda emitido pola Axencia Tributaria de todos os membros da unidade familiar.

3.- **ANEXO IV** – CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO
13 DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2009

Oza-Cesuras, na data indicada na sinatura electrónica
O ALCALDE,
Asdo. José Pablo González Cacheiro





ANEXO I SOLICITUDE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CEIP OZA DOS RÍOS

1 DATOS DA/O NAI / PAI / TITOR

Nome e apelidos NIF

Enderezo

Código Postal Municipio Provincia

Teléfono Móbil Correo electrónico

2 DATOS DA/O MENOR

Nome e apelidos NIF

Curso no que se atopa:

INFANTIL:

- 4º INFANTIL
- 5º INFANTIL
- 6º INFANTIL

PRIMARIA:

- PRIMEIRO
- SEGUNDO
- TERCEIRO
- CUARTO
- QUINTO
- SEXTO

3 SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN DO SEU FILLO NA/S ACTIVIDADE/S DE:

ACTIVIDADE	DÍA SEMANA	HORARIO	N.º MÍNIMO DE PRAZAS	N.º MÁXIMO DE PRAZAS	LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN	ORDE DE PREFERENCIA DAS ACTIVIDADES
PATINAXE	Luns	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois	8€/mes	
INFORMÁTICA	Martes	15:30h a 16:30h	10	15	CEIP Oza dos Ríos	8€/mes	
URBAN DANCE	Xoves ou Venres	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois	8€/mes	
XIMNASIA RÍTMICA	Martes ou Xoves	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes	
TAEKWONDO	Luns ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	9€/mes	

4 MANIFESTA:

- Que para a realización de actividade/s arriba indicadas se lle informou suficientemente e nunha linguaxe comprensible sobre as características da actividade na que vai a participar o seu fillo/a e sobre as condicións requiridas para dita participación.
- Que se lle informou de forma suficiente e clara sobre os riscos de dita actividade/s e a titulación dos técnicos e medidas de seguridade a adoptar pola organización na relación da/s mesma/s.
- Que carece de contraindicación algunha e dispón das condicións físicas



necesarias para a realización de dita/s actividade/s deportiva/s, no seu caso.

- Que coñece e entende as normas reguladoras da/s dita/s actividade/s e está plenamente conforme coa mesma admitindo o seu sometemento á potestade de dirección e/ou disciplinaria da organización.
- Que asume voluntariamente os riscos da actividade/s deportiva/s nas que vai participar o seu fillo e, en consecuencia exime á organización de calquera dano ou prexuízo que poida sufrir no desenvolvemento da/s mesmas. Tal exención non comprende os danos e prexuízos que sexan consecuencia da culpa ou negligencia da organización.

5 DATOS DE DOMICILIACIÓN DO PAGO

Moi Sr. meu:

Prego a Vd. que ata nova orde faga efectivos ó Concello de Oza-Cesuras os recibos librados por dito organismo correspondentes á percepción do servizo arriba indicado, con cargo á conta que se especifica a continuación, da que son titular:

Titular da co

NIF:

Número de cor -

Entidade banc

**Sinatura titular conta
selo da entidade bancaria**

Sinatura e

Nota: No caso de ter domiciliada algunha actividade nesta mesma conta non é necesaria a validación pola entidade bancaria, se ben esíxese a sinatura do titular.

Oza-Cesuras, a ____ de _____ de 2022

Asdo.- _____





A taxa devéngase o día 1 de cada mes e esixirase mediante a domiciliación bancaria ata que remate a actividade. Agás que se formalice a baixa na mesma no mes anterior ao que se pretende cesar na actividade.

(*) O CONCELLO RESÉRVASE O DEREITO DE ANULAR ALGUNHA DAS ACTIVIDADES SE NON SE CUBRE O NÚMERO MÍNIMO DE PRAZAS.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS

ANEXO II

SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2022-2023

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos					
D.N.I.					
Pai		Nai		Titor/Titora	
Enderezo					
Teléfono					
Número membros unidade familiar					
Autorizo á consulta dos datos de empadramento da unidade familiar	SI		NON*		

- No caso de non autorizar á consulta dos datos de empadramento da unidade familiar deberá achegar certificado de empadramento colectivo no que apareza o solicitante e os menores obxecto da bonificación.

EXPÓN:

Que tendo coñecemento de que a clausula 3.3 das Bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso escolar 2022/2023 establecen BONIFICACIÓNS para actividades extraescolares para o curso académico 2022/2023 a aquelas familias empadroadas neste Municipio das que os seus fillos/as estean escolarizados no CEIP Oza dos Ríos.

SOLICITA A CONCESIÓN DA SEGUINTE:

Actividades extraescolares (2º ciclo Educación Infantil e Educación Primaria)

NOME DO ALUMNO/ALUMNA	CURSO
1.-	
2.-	
3.-	
4.-	
5.-	

Oza - Cesuras, _____ de _____ de 2022



Asdo.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Deberán aportarse os seguintes documentos segundo os casos que se especifican (sinale as casillas correspondentes aos documentos que achega):

- D.N.I. do/a solicitante (Pai/nai ou titor/a).
- Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).

A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2021); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e pérdidas patrimoniais. Ante calquera dúbida a comisión calificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

No caso de non autorizar a súa consulta (Anexo III), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercizo (ano 2021) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola



Axencia Tributaria.

- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do excónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.
- O empadramento comprobarase de oficio.

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

As persoas que asinan abaixo, autorizan ao Concello de Oza-Cesuras a solicitar á Axencia Estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria de axudas ao estudo para o curso 2022/2023, cando a persoa que consta no apartado A da presente autorización poida resultar beneficiaria.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA. PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A





AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPUESTO SOBRE LA RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EXERCIZO 2021.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA.

APELIDOS E NOME	
NIF	SINATURA

B.- DATOS DE OUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECEMENTO, SEGUIMENTO O CONTROL DA AXUDA. (Únicamente maiores de 18 anos)

NIF	Apelidos e nome	Sinatura

En Oza-Cesuras, a ____ de _____ de 2022

NOTA: A autorización concedida polos que arriba asinan pode ser revocada en calquer momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

ANEXO IV

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2007

(para cubrir por todos os solicitantes)

Eu, don/dona _____
con DNI núm. _____, veciño/a de Oza - Cesuras





DECLARO que cumpro os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estou ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Oza-Cesuras.

Oza-Cesuras, _____ de _____ de 2022

Asdo.: _____

